

ARTIGO 4. COTAS

As cotas tributarias das taxas reguladas nesta Ordenanza serán as seguintes:

Polo aproveitamento especial ou utilización privativa de cada reloxo/mes (6,16 euros) carteleiras e similares (6,16 euros/metro²/mes). Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengaranse no momento en que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.

2. No momento da solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe total de cotas resultantes da aplicación do artigo 4 desta Ordenanza, se o aproveitamento fose temporal.

Se se solicita o aproveitamento continuado no tempo, deberá ingresarse a cantidade correspondente a un semestre de aproveitamento.”

Modificación da ordenanza reguladora da taxa por ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal, cuido literal se transcribe a continuación:

“MODIFÍCASE O TÍTULO DA ORDENANZA PASANDO A DENOMINARSE”ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN SE SUBSOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Modifícase o artigo 1º. Nas dúas últimas liñas, quedando redactado do seguinte xeito: “Taxa pola ocupación do subsolo e voo de terreos de uso público municipal.”

Modifícase o artigo 2º. Feito imponible, quedando redactado do seguinte xeito: “constitue o feito imponible da Taxa a ocupación do subsolo e voo de terreos de uso público municipal”

Modifícase o Anexo, engadindo o seguinte:

c) Nos aproveitamentos constituídos por la ocupación de subsolo por cables ou tubos, para as persoas físicas ou xurídicas non recollidas no apartado a) e b) deste Anexo da Tarifa, os metros lineais de cada un:

— Tubos, m/l ao ano	0,06 €
— Cables, m/l ao ano	0,06 €
— Depósitos, m ³ ao ano	1,20 €
— Transformadores m ³ ao ano	1,20 €

d) Nos aproveitamentos constituídos pola ocupación de voo para as persoas físicas e xurídicas, por cables ou tubos, os metros lineais de cada un:

— Tubos, m/l ao ano	0,06 €
— Cables, m/l ao ano	0,06 €

Esta modificación de ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP.”

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA EXHIBIR PROPAGANDA EN LETREIROS, CARTELEIRAS E SIMILARES

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá feito imponible desta taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa de reloxos, carteleiras, paneis, e demais instalacións de carácter municipal para exhibición de propaganda mediante carteis, letreiros e similares.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento da presente Ordenanza fiscal as persoas ou entidades que utilicen ou se beneficien especialmente das instalacións municipais.

ARTIGO 3. EXENCIÓN E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente ordenanza.

ARTIGO 4. COTAS

As cotas tributarias das taxas reguladas nesta Ordenanza serán as seguintes:

Polo aproveitamento especial ou utilización privativa de cada reloxo/mes (6,16 euros), carteleiras e similares (6,16 euros/metro²/mes). Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESOS

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengaranse no momento en que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.

2.—No momento da solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe total de cotas resultantes da aplicación do artigo 4 desta Ordenanza, se o aproveitamento fose temporal.

Se se solicita o aproveitamento continuado no tempo, deberá ingresarse a cantidade correspondente a un semestre de aproveitamento.

3.—A Administración tributaria municipal practicará, no caso de aproveitamentos continuados, as liquidacións sucesivas con periodicidade semestral.

ARTIGO 6. DISPOSICIÓN ADICIONAL

1.—Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e depósito previo do seu importe.

2.—Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía total igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danos.

3.—O Concello non poderá condonar total nin parcialmente a indemnización e reintegros a que se refire este apartado.

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infracción tributarias desta ordenanza, así como ás súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, Lei 1/98 de Dereitos e Garantías dos Contribuíntes e restante normativa de aplicación.

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2008, vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

Recursos.—Contra os anteriores expedientes os interesados poderán interpor recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 27 de decembro de 2007.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2007012059